



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 5 DE NOVIEMBRE DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 16 DE OUTUBRO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 16 de outubro de 2025.

2.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.- Dase conta dos escritos presentados solicitando axuda económica.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan conceder as seguintes axudas:

- Á Comisión de Festas de Beade 2025, axuda económica por importe de cento cincuenta euros (150,00) para gastos das Festas de Santa Isabel e trescentos euros (300,00) para gastos das Festas Patronais do 15 de agosto.

3.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licencia quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D^a. INÉS OZORES POUSA, con domicilio en Rúa Ribeiro 61, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmobile sito en Rúa Cabo de Vila 42, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras menores de peche de parcela cos postes e malla metálica o norte e sur da mesma**, e de acordo co Informe emitido pola Arquitecta Municipal.

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuia liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 1.150,00 €23,00 €.**

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernandez Loureiro